



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARRAL

*Organización/ Xestión de integrantes mandato 2023-2027*

#### ANUNCIO

EXPEDIENTE: 2023/G005/000001

Por resolución ditada en data 16 de outubro de 2024, Decreto nº 413/2024, o Sr. Alcalde resolveu :

**PRIMEIRO.**-Nomear Tenentes de Alcalde aos /ás seguintes Señores/as Concelleiros/as, alterando a orde do decreto que consta nos considerandos deste :

- 1º.-Dona Rocío Rabuñal Bouzas
- 2º.-Dona Susana Guimarey García.
- 3º.- Dona Inmaculada Mantiñán Ínsua

**SEGUNDO.**- Notificar persoalmente a presente resolución aos/ás designados/as (que se considerará aceptada tácitamente, agás manifestación expresa no termo de tres días hábiles dende a recepción de tal notificación), remitir anuncio correspondente a esta resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación nel, e publicalo tamén no taboleiro de edictos do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da sinatura desta resolución.

**TERCEIRO** .-Dar conta deste decreto ao Pleno do Concello na primeira sesión que se realice en cumprimento do establecido no artigo 38 ROF.

Concello de Carral, 16 de outubro de 2024

O Alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

2024/7345



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARRAL

*Nomeamento tenentes de alcalde do Concello de Carral*

#### ANUNCIO

#### NOMEAMENTO

Por resolución dictada en data 19 de xuño de 2023, Decreto n.º 335/2023, o Sr. Alcalde acordou Nomear Tenentes de Alcalde aos /ás seguintes Señores/as Concelleiros/as, coa orde de nomeamento que se indica:

1º.-Dona Susana Guimarey García.

2º.-Don Francisco Javier Bello Hermida.

3º.- Don Javier Lendoiro Santos.

O que se publica en cumprimento do disposto.

Carral, 20 de xuño de 2023

A Tenente Alcalde

Asdo.Susana Guimarey García

2023/5134



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARRAL

*Revocación delegacións e modificación composición xunta de goberno e nomeamento de tenentes de alcalde*

### ANUNCIO

**EXPEDIENTE:** 2023/X999/000175

Por resolución ditada en data 30 de agosto de 2024, Decreto nº 347/2024, o Sr. Alcalde resolveu :

**PRIMEIRO.-** Revogar a delegación de competencias aprobada por resolución 366/2023 da área de Cultura, Deportes, Xuventude, Participación Cidadá e Protección Civil no concelleiro Don Francisco Javier Bello Hermida así como deixar sen efecto o seu nomeamento como 2º Tenente de Alcalde e membro da Xunta de goberno local, todo isto a partir del 31/8/2024 .

**SEGUNDO.-** Notificar este decreto ó concelleiro D. Francisco Javier Bello Hermida en cumprimento do establecido no artigo 114.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización , funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

**TERCEIRO.-** Trasladar os servizos administrativos encargados da xestión de nóminas e seguridade social a baixa do concelleiro na seguridade social por estar desempeñando cargo con dedicación exclusiva , a partir do 31/8/2024. Trasladar este decreto ós departamentos municipais de deportes, xuventude , participación cidadá e protección civil para o seu coñecemento aos efectos oportunos.

**CUARTO.-** Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Concello de Carral, 30 de agosto de 2024

O Alcalde

Francisco Javier Gestal Pose